



ENCONTRO GALEGO DE  
*ilustración*

**Miguel Gallardo** **Xurxo G. Penalta**  
**Ana Galvañ** **Pilar Marcó**  
**Juan Díaz-Faes** **David Pazos**




Ilustración: Juan Díaz-Faes

**28 e 29 de Setembro 2018**

SANTIAGO DE COMPOSTELA Auditorio de Galicia + Unitaria



[agpi.es/encontro](http://agpi.es/encontro)



ENCONTRO GALEGO DE  
**ilustración**

**28 e 29  
de setembro  
2018**

**Programación**

## **Venres**

Unitaria | Calzada de San Pedro, s/n, 15703 Santiago de Compostela

**18:00 Obradoiro de ilustración con Miguel Gallardo: «Eu non sei debuxar»**

Prazas limitadas. Inscripción: 20 euros (para socios da AGPI: 5 euros)  
Inscripcións ata esgotar as prazas en [agpi.es/encontro](http://agpi.es/encontro)

**21:00 Ilustranoite**

**Entrada libre e gratuita**

Micropresentacións de proxectos de ilustración nun ambiente desenfadado

## **Sábado**

Auditorio de Galicia – Sala Mozart | Av. do Burgo das Nacións, s/n, 15704 Santiago de Compostela

**Entrada libre e gratuita**

### **Mañá**

**10:45** Presentación

**11:00** Charla con **Ana Galvañ**: «*Polo menos tes traballo*»

**12:30** Charla con **Juan Diaz-Faes**: «*San "Quehago" de Compostela*»

### **Tarde**

**17:00** Panel de experiencias: «*Ilustración e industria téxtil en Galicia*»

Con **Pilar Marcó, Xurxo G. Penalta e David Pazos**

**19:00** Charla con **Miguel Gallardo**: «*Debuxando para María*»

### **Noite**

Local sorpresa | Comunicarase durante a xornada do 29

**Entrada libre e gratuita**

**23:00** Festa fin de Encontro: Sesión DJ a cargo de **Bluemouse** + proxeccións de debuxo en directo

# 15 Edicións do Encontro

Desde 2004, o **Encontro Galego de Ilustración** trae a Galicia ilustradores e ilustradoras de primeiro nivel internacional, sen esquecer os grandes nomes da ilustración galega.

Esta cita dá cabida a todas as áreas existentes dentro da profesión, desde o mundo editorial ata o da animación, pasando pola publicidade ou os medios dixitais. Polo Encontro teñen pasado autores da talla de **Ajubel, Algarabía Animación, Horacio Altuna, Arnal Balles-ter, Xosé Cobas, Suso Cubeiro, Luis Davila, Cristina Durán, Manel Fontdevila, Forges, Sagar Forniés, Giovanna Lopalco, Xan López Domínguez, Mar Malota, Xaquín Marín, Ignacio Maroto (Bambinomonkey), Max, Elena Odriozola, Carlos Ortín, Puño, Raúl, Julián Romero, David Rubín, Siro, Alberto Taracido, María Luisa Torcida, Alberto Vázquez, Xosé Vizoso...**

O Encontro ten tratado, ademais, **temas clave para a profesión** como os dereitos de autor, a situación económica do sector, os cambios nos modelos de negocio ou o impacto das novas tecnoloxías. Temas debatidos e analizados por especialistas procedentes de ámbitos e organizacións moi diversos: axencias de ilustración, avogados, entidades de xestión, editoriais, asociacións sectoriais...

Catorce anos despois, a ilustración está moito máis normalizada na nosa paisaxe cultural. O Encontro busca agora dar un paso adiante como cita pioneira en Galicia para os profesio-nais e dos amantes da ilustración gráfica.



## Ana Galvañ



**Ana Galvañ (Murcia, 1975).** Autora de cómics e ilustradora. Tras estudar Belas Artes en Valencia estableceuse en Madrid. En 2010 recibiu o Premio especial do xurado no III Certamen Creacómic, e en 2016 recibiu un dos dez premios Gráfica. As súas historias teñen aparecido en editoriais como Fantagraphics, Nobrow, Ultrarradio, Vertigo DC, Off Life, Outsóider, Apa-Apa e Fosfatina. O seu libro *Pulse enter para continuar* (Apa Apa Cómics, 2018) terá proximamente edición en inglés en Fantagraphics. Ten colaborado con publicacións como *Wired*, *S Modos* ou *Diagonal*, e realizou campañas para clientes como Perrier, Mahou, Lonely Planet, Unicef ou Ayuda en Acción. Tamén realizou carteis e campañas para eventos para Matadero Madrid, TruenoRayo Fest ou Graf.

[anagalvan.com](http://anagalvan.com)

Charlas

## Miguel Gallardo

**Miguel Gallardo (Lleida, 1955).** Ilustrador e autor de BD. Colabora como ilustrador en *La Vanguardia*, *Herald Tribune*, *New Yorker*, *El País* e *New York Times*, entre outros medios. Foi membro fundador en 1979 da revista *El Vibora*, e na súa carreira como autor de cómic ten publicado numerosos álbums, con series como *Makoki* ou *Buitre Buitaker*, e historias independentes como *Un largo silencio* ou *Tres viajes*. Con Victoria Bermejo publicou *Cuentos para contar en un minuto* e *Me acabo de separar*; con Àngels Ponce é coautor de *¿Qué le pasa a este niño?* Ten traballado ademais para marcas como Evax, Cerveza San Miguel, Estrella Galicia ou BMW, e ten deseñado varias pezas de animación para televisión e publicidade. É gañador de dous premios do Salón do Còmic de Barcelona, ademais do Gran Premio por toda a súa traxectoria (2014), e dous premios da Society of Newspaper Design. En 2008 obtivo o Premi Nacional de Cultura al Còmic (Generalitat de Catalunya) pola súa novela gráfica *Maria y yo*, acerca da súa filla con autismo. O libro foi adaptado posteriormente ao cinema no filme do mesmo título, e en 2015 tivo unha continuación, *Maria cumple 20 años*. Entre 2011 e 2015 foi presidente da APIC.

[miguel-gallardo.com](http://miguel-gallardo.com)

## Juan Díaz-Faes

# Charlas



**Juan Díaz-Faes (Oviedo, 1982).** Ilustrador en innumerables soportes, ten entre as súas especializacións o deseño de estampados (como o preparado para os traxes de baño do Club Natación Ciudad de Oviedo). Colabora con revistas como *Yorokobu* ou *Ling*, e entre os seus clientes figuran marcas como Coca-Cola, Vodafone ou Ikea. É coautor do libro *Treinteenagers*, con Carlos G. Miranda (Lunberg), e dos volumes publicados por *Yorokobu Escacatolóxico*, *Cromaticaca*, *Era tan suave...* (con José Luis Moro) e *Cien pelis para ver y darle al coco* (con Borja Crespo). Ademais, é profesor para organizacións como o IED ou Domestika.

[behance.net/diazfaes](https://behance.net/diazfaes)



### Horarios

**Sábado 29, entrada libre e gratuita**  
**Auditorio de Galicia – Sala Mozart**  
Av. do Burgo das Nacións, s/n,  
15704 Santiago de Compostela

**11:00 Ana Galvañ:**  
«POLO MENOS TES TRABALLO»

**12:30 Juan Díaz-Faes:**  
«SAN "QUEHAGO" DE COMPOSTELA»

**19:00 Miguel Gallardo:**  
«DEBUXANDO PARA MARÍA»

# Panel de Experiencias

## «Ilustración e industria da moda en Galicia»

Sábado 29, 17:00, entrada libre e gratuita

Auditorio de Galicia – Sala Mozart

Av. do Burgo das Nacións, s/n, 15704 Santiago de Compostela


A ilustración de moda e téxtil acadou un importante auxe nas últimas décadas. Nesta charla coñeceremos as experiencias creativas e profesionais de tres creadores galegos vinculados á industria da moda, un sector cunha forte presenza en Galicia.



### Pilar Marcó

Licenciada en Belas Artes na Universidade de Vigo, especializada en Ilustración na Escola Massana de Barcelona e en Gravado na Limerick School of Art and Design de Irlanda. Dedicase á animación, a ilustración editorial e a ilustración téxtil. É cofundadora do estudio Domingo. En deseño téxtil ten traballado para Tommy Hilfiger, Women'Secret, Rebecca Taylor ou Zulu&Zephyr. O que máis lle interesa do deseño editorial é a autoedición. En 2013 obtivo o Premio Junceda Novos Creadores, concedido pola APIC. Actualmente forma parte do estudio XIX da Coruña.

[cargocollective.com/pilarmarco](http://cargocollective.com/pilarmarco)



### Xurxo G. Penalta

Licenciado en Belas Artes pola facultade de Pontevedra, fixo un mestrado en estudos visuais no College of Art and Design de Minneapolis (EUA). Conseguiu bolsas de estudo das deputacións da Coruña e Pontevedra. En 2006 participou en exposicións colectivas en Galicia e na revista *Barsowia*. Despois comezou a traballar coas editoriais estadounidenses Marvel Comics, Dark Horse e Image. Foi director creativo de Vazva e do CAV Surfing Project de Cabreiró.

[xurxogpenalta.com](http://xurxogpenalta.com)

Alberte Peiteavel



### David Pazos

Estudou deseño na Escola Pablo Picasso da Coruña. Despois de traballar no mundo da publicidade, dedicouse á posproducción audiovisual. Entrou a traballar en Zara (Inditex) como deseñador gráfico e deseñador téxtil para camisetas e prenda de algodón de home. Viviu en Shanghai (China), para o control de produción e a busca de provedores para Zara. En 2011 volveu a Inditex como deseñador no departamento de Zara Kids. Agora traballa como *freelance*, con diferentes clientes en diversos sectores do deseño.

[artsinners.com/david-pazos](http://artsinners.com/david-pazos)

# Obradoiro de ilustración con Miguel Gallardo

## «Eu non sei debuxar»

Venres 28, 18:00-20:00, con inscrición previa

Unitaria | Calzada de San Pedro, s/n, 15703 Santiago de Compostela

O debuxo é unha ferramenta básica na ilustración, pero tamén é unha linguaxe poderosa ao alcance de calquera persoa. Neste obradoiro práctico, Gallardo convidanos a cuestionarnos (e a comprobar) ata que punto precisamos «saber debuxar» para expresarnos e comunicar ideas de xeito sinxelo e eficaz.



Prazas limitadas. Inscrición: 15 euros  
(socios da AGPI: 5 euros)

Inscricións ata esgotar as prazas en  
[agpi.es/encontro](http://agpi.es/encontro)

---

## Ilustranoite

Venres 28, 21:00-22:30, entrada libre e gratuíta

Unitaria | Calzada de San Pedro, s/n, 15703 Santiago de Compostela

Micropresentacións de proxectos de ilustración nun ambiente desenfadado.

---

## Festa fin de Encontro Sesión DJ ilustrada

Sábado 29, 23:00 entrada libre e gratuíta

Lugar sorpresa | Comunicarase durante a xornada do 29

Sesión DJ a cargo de **Bluemouse** + proxeccións de debuxo en directo.

---



# ENCONTRO GALEGO DE *ilustración*

SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Auditorio de Galicia + Unitaria

**28 e 29  
de setembro  
2018**

[agpi.es/encontro](http://agpi.es/encontro)

## Equipo técnico

Dirección: Manel Cráneo

Secretaría técnica e produción: Alberto Guitián, Henrique Torreiro, 7Hcoop

Deseño gráfico: Julio Marta

Ilustración cartel: Juan Díaz-Faes

Depósito legal: C 1610-2018

Organiza:



AGPI é membro de:



Coa colaboración de:



Co apoio de:

